Un Rei

e outros animais.

Estatalá

No país de *Trasdacolá* o rei *Brancocú* está namorado dun dos seus súbditos: o burro Careto. Todo transcorre con normalidade na corte ata que o rei promulga un novo real decreto: o burro Careto non pode morrer, se chegado o día iso sucedese, aquel ou aquela, encargado ou encargada, de dicir alto e claro que o burro Careto morreu, quedará sen cabeza. *Falapouco*, *Falamoito* e *Micaela*, coidadores do Careto, coa inestimable axuda da parella de alguacivís *Zizeñor*, veranse envoltos nunha serie de peripecias e aventuras co único obxectivo de salvar as súas cacholas...

Público: A partir de 3 anos.
Texto: Carlos Quintá sobre o conto popular O burro Careto.
Dirección: Anxo García.
Actores e manipuladores: Anxo García e Carlos Quintá.
Deseño e construcción escenografía e marionetas: Miguel Calvo.
Composición musical e interpretación en directo: Carlos Quintá.

Contacto: Carlos//agonzalinha@gmail.com//692583560.



Anxo García Fernández, (Lalín,1956) é titirireiro, actor, escenógrafo e director de escena cunha longa experiencia en todos os campos da creación de espectáculos de marionetas, fundador das compañías Viravolta, Seisdedos e Teatro da Ramboia, compañías que seguen en activo na actualidade, colabora tamén en varios espectáculos da compañía A cova das Letras e traballou en diversas ocasións con varias compañías do panorama teatral galego, Os Quinquilláns, Ghazafellos...

É tamén membro activo da asociación Morreu o Demo para a recuperación do títere tradicional galego dentro da que realiza un intenso traballo de investigación e divulgación sobre a figura de Barriga Verde, os Cristovos e outras formas de títeres tradicionais.

Carlos Quintá Cagide , diplomado en maxisterio pola USC, é músico, titiriteiro e mestre de acordeón diatónico e violín trad. Produtor e arranxista dos discos de Linho do Cuco *3* (2006, A Central Folque); *As alegrías* (2011 A Central Folque) e *Viva Viva!* (2015 Discos da máquina). Co grupo Estatalá, orientado as músicas de baile, actúa desde o 2015. En 2020 edita xunto a Pedro Pascual *De Botóns , Cantigueiro galego para acordeón diatónico* (Mialma Producción). Tamén en 2020 arranxa, produce e grava o disco *Peixe* do cantante Xisco Feijóo. Ten colaborado en directo en estudo con grupos como: Motor Perkins, Os Cempés, Ataque Escampe, Marful.....

No ano 2005 comeza a súa colaboración co grupo Seisdedos de marionetas tradicionais, o que lle abre unha perspectiva nova sobre a música e o teatro popular en Galicia, formando parte do elenco e como compositor da música de varias obras de teatro de compañías coma Viravolta, Cía Paporrubio ou Fantoches baj.